

ACTA NUMERO DEZ CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 10 DE XU- LLO DE 2000.

-----oOo-----

No Salón de Butacas do Teatro Principal, sendo as doce horas e cinco minutos do día dez de xullo de dous mil reúnese, en sesión extraordinaria urxente e primeira convocatoria, o Pleno da Corporación do Concello de Pontevedra baixo a presidencia do Sr. Alcalde **D. Miguel Anxo Fernández Lores**, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros **D. D. Xosé Luis Bará Torres**, **D^a María Salomé Álvarez Blanco**, **D. Miguel Anxo Vázquez Plaza**, **D^a María dos Anxos Riveiro Portela**, **D^a María Carmen da Silva Méndez**, **D. Xosé Luis Veiga Lage**, **D. Manuel Xesús Fontán Bouzas**, **D. Juan Luis Pedrosa Fernández**, **D^a María Josefa Manzanares Perela**, **D. Francisco Arturo Pichel Márquez**, **D. Gerardo Zugasti Enrique**, **D. Enrique de la Peña Vieitez**, **D. José Manuel Fernández Rodríguez**, **D. Juan Enrique Magdalena Chan**, **D. Celestino Lores Rosal**, **D^a María Teresa Casal García**, **D. Luciano Eusebio Santiago Esperón**, **D. Guillermo Antonio Meijón Couselo** y **D^a María Dolores Elvira de Ozamiz Lestón**, non asistindo **D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo**, **D. Raimundo González Carballo**, **D. Manuel Abeledo López**, **D. José Benito Suárez Costa** e **D. Roberto Jesús Taboada Rivadulla**, estando presente o Sr. Interventor, **D. Manuel Loureiro Blanco**, actuando como Secretario **D. Adolfo Castro Pérez**, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión e disculpa a ausencia dos Concelleiros **D. Manuel Abeledo López**, **D. Roberto Taboada Rivadulla**, **D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo** e don **Raimundo González Carballo**.

ORDE DO DÍA

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA, FUNDADA EN:

A) PUNTO 2. PERENTORIEDADE DO PRAZO ESTABLECIDO PARA A RESOLUCIÓN DO CONCURSO E A SÚA COMUNICACIÓN Á DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA.

B) PUNTO 3. NECESIDADE DE EXECUTA-LAS OBRAS PARA FACILITAR A UTILIZACIÓN PLENA E EFECTIVA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS CANTO ANTES.

O Sr. Alcalde xustifica a urxencia da convocatoria pola necesidade de comunicar á Dirección Xeral da Función Pública a resolución do concurso convocado para a provisión do posto de traballo de tesourería, para axiliza-la execución das obras necesarias en instalacións deportivas para posibilita-la súa utilización plena e efectiva de cara á próxima temporada e tamén porque mentres non acepte a renuncia o Pleno non se pode tramitar a credencial da Xunta Electoral Central a favor da substituta de don **Xosé Benito Suárez Costa**.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda ratificar a urxencia da convocatoria.

2.- PERSOAL: RESOLUCIÓN DO CONCURSO ORDINARIO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE TESOURERÍA DESTE CONCELLO, CONSONTE Á PROPOSTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DE MÉRITOS.

Examinada a proposta do tribunal designado para realiza-la valoración do concurso ordinario de méritos convocado para a cubrir definitivamente o posto de Tesoureiro do Concello reservado a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional outorgando as seguintes puntuacións a cada un dos tres aspirantes:

- Dona Eva María Pérez Chamorro, excluída por non acreditá-la puntuación mínima esixida de 7,5 puntos.

- Don Fernando López Ruíz, puntuación total de 10,16 (10,16 puntos de méritos xerais, 0 puntos méritos específicos do Concello e 0 puntos por méritos de asignación autonómica).

- Don Alberto Escariz Couso, puntuación total 15,96 (7,04 puntos de méritos xerais, 7,50 puntos de méritos específicos do Concello e 1,42 por méritos específicos de asignación da comunidade autónoma de Galicia).

Tendo en conta as resolucións da Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio de Administracións Públicas de 24 de abril de 2000 pola que se dá publicidade ás bases e convocatorias específicas para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e Resolución da mesma data pola que se dá publicidade á relación individualizada de méritos xerais destes funcionarios, así como o disposto no artigo 99 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e Real decreto 17732/1994, de 29 de xullo, de Provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta do tribunal designado para a valoración do concurso ordinario convocado para a provisión definitiva do posto de traballo de Tesourería do Concello de Pontevedra, resolvendo o devandito concurso de conformidade coa proposta e, en consecuencia, propoñer á Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio de Administracións Públicas o nomeamento definitivo do funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional don Alberto Escariz Couso, como concursante que obtivo unha puntuación total de 15,96 puntos (7,04 por méritos xerais, 7,50 por méritos específicos e 1,42 por méritos de asignación autonómica), para ocupa-lo posto de Tesourería deste Concello.

3.- ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE NÚMERO 1 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NO ORZAMENTO DO INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES, INTEGRADO NO ORZAMENTO XERAL ÚNICO DO CONCELLO, MEDIANTE A CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS PARA FINANCIAR INVESTIMENTOS REAIS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS ADSCRITAS Ó ORGANISMO AUTÓNOMO.

Dáse conta do dictame, favorable por maioría, da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Patrimonio á aprobación do expediente nº 1/2000 de modificación de créditos do orzamento do Organismo Autónomo Local "Instituto Municipal de Deportes" para o ano 2000 por concesión de créditos extraordinarios e suplementos de créditos.

Aberto o debate, intervén don Manuel Xesús Fontán Bouzas, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, dicindo que o pasado 23 de xuño dicía o señor Alcalde no acto de entrega dos premios ó deporte 2000 que a articulación dun axeitado proxecto deportivo baseábase en dous pilares fundamentais, por unha parte a promoción deportiva e por outra parte a dotación e a dignificación progresiva das instalacións municipais e a creación de novas instalacións e o paso que se vai dar, anunciado xa entón polo propio Alcalde, ven a sumarse á serie de decisións que se teñen tomado para a creación de novas instalacións deportivas, para mellora das instalacións do Estadio municipal de Pasarón, así como as melloras realizadas xa no Pavillón municipal dos Deportes e que conforman a dignificación absolutamente necesaria en función dos estudos realizados das instalacións deportivas municipais; pasa a citar cada un dos proxectos e o por que da súa necesidade, pois a urxencia xa está xustificada, e efectivamente é necesario que se desenvolvan canto antes estas obras porque de non ser así interferirán con todo o desenvolvemento da temporada deportiva e se tratará conxuntamente con tódolos clubs, pois este traballo se está a desenvolver conxuntamente con todos eles, coa súa colaboración que está a ser moi boa, dende o mes de febreiro que se teñen planificado conxuntamente estas obras e mesmo recollidas as súas aportacións para o desenvolvemento dos propios proxectos técnicos, que agarda que saian coa maior rapidez e coas menores perturbacións posibles; a dotación da reforma dos vestiarios de fútbol do Pavillón multiusos da Xunqueira cun orzamento global contractual de 26.871.000 pesetas ven derivada dun estado lamentable desta instalación no que houbo que derrubar un tabique que estaba en moi malas condicións pola súa perigosidade e, aínda que é unha obra bastante recente, por diversas deficiencias é absolutamente necesario dotar dunhas mellores condicións a estes campos de fútbol, nos que nestes momentos se está a desenvolver a maior parte da actividade de todo o que é o fútbol base de Pontevedra e onde xogan aproximadamente 1.500 nenos deste concello repartidos entre as escolas deportivas municipais e os diferentes equipos de fútbol base; a reforma dos vestiarios da zona leste do Pavillón municipal de deportes cun orzamento de 8.330.000 pesetas, ven derivada fundamentalmente en primeiro lugar pola situación que ten a sala de pesas, pois cando se fixo a reforma do pavillón nos anos 80 levouse á primeira planta e nestes momentos a placa ten unha situación de rotura que é necesario cambiar de ubicación esta sala de pesas e a idea é levala á planta baixa onde estaba inicialmente e ó mesmo tempo reformar

e adecentar tódolos vestiarios anexos da zona leste; a división do vestiario número 1 do Pavillón multiusos da Xunqueira cun orzamento de 5.574.000 pesetas ven derivada da necesidade de aproveitar un vestiario que ten unhas dimensións excesivamente grandes e que o tabicalo permitiría aproveitar moito mellor a instalación; o subministro e instalación de pavimento sintético do Pavillón multiusos da Xunqueira, cun orzamento contractual de 23.428.000 pesetas, é outra das cuestións prioritarias, este é un pavimento que dende a construción desta instalación no ano 1994 está a dar problemas de lesións e ultimamente está en moi malas condicións e necesita da súa substitución para que se poidan desenvolver as actividades dos diferentes equipos e mesmo tamén as clases de educación física que o propio Instituto da Xunqueira 2 desenvolve nesta instalación; isto implica ó mesmo tempo a subministración e instalación de dous xogos de canastras colgantes neste mesmo Pavillón por un importe de 3.958.000 pesetas, dado que a colocación deste novo pavimento non é compatible co actual sistema de canastras que van cargados sobre o propio pavimento, xa que se deterioraría rapidamente e necesita tamén da dotación destas canastras; tal como dicía, estes proxectos son produto do traballo conxunto cos diferentes clubs deportivos dende o mes de febreiro, se recolleron as súas diferentes aportacións e se elaborou cos equipos técnicos municipais, houbo dificultades en algúns dos proxectos que se foron solventando, como no caso dos vestiarios do multiusos onde houbo que chegar ó punto de comproba-las diferentes riostras do edificio, que é un problema moi grave porque en moitos casos non coincidían co proxecto orixinal do edificio e que tivo bastantes problemas na súa execución; en definitiva é a combinación de todo ese traballo e quere agradecer ó grupo socialista o seu voto favorable, tanto na Comisión como no Instituto municipal de deportes, e pídelles ó grupo popular que, pola importancia que teñen estes proxectos e estas obras para a dignificación das instalacións deportivas municipais, tamén vote favorablemente.

A continuación intervén don José Manuel Fernández Rodríguez, en representación do grupo municipal do Partido Popular, dicindo que lle preocupa esta cuestión que aparentemente non ten maior importancia e non sabe se realmente é falta de previsión, incompetencia, inconsciencia ou ó mellor descoñecemento de cómo funciona o fútbol base e o deporte base, e di fútbol base porque quizá sexa o deporte máis prexudicado con esta modificación de crédito, porque efectivamente son necesarias as reformas pois o deterioro é evidente ó longo dos anos, o que pasa é que o tempo en que se aproba este suplemento ou esta obra é un tempo tardío, porque tiña que haberse feito antes, pois hai moito tempo o Concelleiro señor Fontán na prensa, como ven sendo habitual, dicía que os vestiarios do multiusos da Xunqueira estaban nunhas condicións deplorables, incluso falaba de inseguridade e que había que facelo o antes posible, dicía tamén que, co fin de non interferir nas compe-

ticións, habería que esperar a que rematasen e que inmediatamente do remate se ían iniciar, pero as competicións remataron no mes de maio e estase aprobando isto no mes de xullo e di descoñecemento porque ó mellor habería outra maneira para ir a outro tipo de recursos sen esperar á liquidación do orzamento dos remanentes do IMD e o Partido Popular coñece outras formas, pois facer estas obras a destempo e tarde significa que, nos meses de agosto, setembro e outubro, 30 equipos de fútbol, aproximadamente en torno a 600 rapaces, non teñen posibilidades de adestrarse e incluso de xogar os seus propios partidos oficiais, e o di así porque os entrenamentos de tódolos equipos, que quen coñece o fútbol base o sabe, comezan no mes de agosto e o grupo popular non sabe que medidas vai adopta-lo Concelleiro para que nese tempo os equipos de Pontevedra teñan solucionada unha cuestión tan importante como é o adestramento previo á temporada, que é fundamental, pois se está a falar do remate das obras no mes de outubro, que espera que estean, porque agora hai esta aprobación, haberá logo un período de tempo de exposición pública, proxectos, saída a empresas para que fagan os traballos, etc., entón ese tema lle preocupa moitísimo porque non sabe realmente que vai suceder, non ten coñecemento ningún e por iso pensa que debe ser non incompetencia senón descoñecemento, por iso o grupo municipal do Partido Popular vai absterse nesta cuestión porque é un tema que considera tan grave que non pode implicarse neste momento a pesar de que a obra é importante e hai que facela, pero habería que saber perfectamente moito antes que vai pasar neste período de tempo con tódolos equipos que van a estar afectados, moitos dos cales e moitos clubs xa teñen falado con el persoalmente para mostralle a súa preocupación e ó Concelleiro fixéronlle chegar tamén a súa preocupación dende o mes de febreiro.

Seguidamente intervéñ don Guillermo Meijón Couselo, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, para dicirlle ó Concelleiro do Partido Popular que lle parece ben a súa preocupación por este tema e que o Partido Popular tivera coñecemento xa hai tempo desta situación, pero o que non lle parece xa tan ben e que se o Partido Popular sabía do tema, estaba preocupado por el, sabía que en setembro ía pasa-lo que pasa e ademais sabían solucións polo visto alternativas para poder saca-los cartos adiante para facelo, non presentara a moción correspondente para que se levará a cabo e dicilo agora a toro pasado sinceiramente non lle parece o máis adecuado, pois pode compartir parte da argumentación, pero o único que non comparte é que coñecendo todo este tema e estando tan preocupados non fixeran o que tiñan que facer para que isto se solucionara antes.

Intervén novamente o señor Fontán Bouzas, dicindo que agradece a preocupación que manifesta o representante do grupo popular, pero estes problemas non veñen de hai dous meses nin un ano ou dous, veñen de anos atrás e o que lamenta é que den-

de os anos 80 ou desde anos atrás que se foi conformando ese remanente económico ou outros recursos, como ben decía o compañeiro do grupo socialista, non houbo ningún tipo de iniciativa por parte do Partido Popular e, se tan preocupado estaba, lamenta que non se correxiran eses problemas, gravísimos algúns deles, que existen nas instalacións municipais, como foi o tema de ter que chegar a tirar un tabique que corría serio perigo de desplomarse nesa zona onde xogan os equipos, os 600 nenos ou algo máis, e onde se desenvolven as escolas deportivas municipais de fútbol, en todo caso vólvelles a pedir que voten favorablemente porque tomar esa decisión hoxe é o que vai tratar de axilizar e correxir canto antes eses problemas; en canto ó tema de como se van desenvolver esas obras, efectivamente a liquidación é do 29 de xuño e as medidas son o máis urxente posible, estase a tratar neste Pleno extraordinario, non vai ó Pleno ordinario de final de mes, se lle está a da-la máxima urxencia posible e, en canto ó diálogo ou interlocución cos clubs, o propio venres que houbo reunión da Xunta Rectora do Instituto municipal de Deportes, ás 9 da noite houbo unha reunión cos diferentes clubs afectados onde se estableceron as bases, se miraron as alternativas e se vai traballar conxuntamente para que existan as menores perturbacións posibles.

De novo intervén o señor Fernández Rodríguez, dicíndolle ó señor Meijón que o Partido Popular non goberna e se gobernara indubidablemente ó mellor presentaría solucións mellores, as solucións ten que poñelas sobre a mesa o grupo que goberna co beneplácito do Partido Socialista, é a súa obrriba sen dúbida; en canto ó señor Fontán, o BNG leva un ano gobernando e levan aprobado un presuposto, pero vólvese ó de sempre, a culpa é do PP, van a pasar catro anos e a culpa seguirá sendo do PP, pero os cidadáns ó PP o votaron maioritariamente, é o grupo máis votado, pero indubidablemente por pactos déronlle ó BNG a posibilidade de gobernar, por tanto ó mellor o PP está nesa situación porque cometeu erros, pero goberna o BNG, a culpa non é do PP, levan un ano gobernando e aínda non se veu nada en deporte.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo coas súas motivacións, nos termos seguintes:

Examinado o expediente número 1/2000 de modificación de créditos dentro do orzamento do organismo autónomo local Instituto Municipal de Deportes para 2000 por concesión de créditos extraordinarios e suplementos de créditos.

Resultan acreditados os seguintes FEITOS:

1º.- Que no expediente consta a proposta do Sr. Presidente do organismo autónomo local e o informe do Sr. Interventor emitido en sentido favorable á proposta de modificación de créditos por importe total de SESENTA E OITO MILLÓNS CENTO SESENTA E TRES MIL NOVECENTAS NOVENTA E DÚAS PESETAS (68.163.992)

2º.- Que a Xunta Rectora do organismo autónomo local Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra, na sesión que tivo lugar o día 7 de xullo de 2000 prestou aprobación á modificación de créditos proposta pola Presidencia, propoñendo ó Pleno da Corporación a aprobación do mesmo, de conformidade co sinalado no artigo 8 dos vixentes Estatutos do Instituto Municipal de Deportes.

Considerando que de conformidade co sinalado no artigo 158 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais e artigo 37 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, corresponde ó Pleno da Corporación a competencia para a aprobación do expediente de modificación de créditos dentro do orzamento do citado organismo autónomo local.

O Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de doce Concelleiros (os 8 presentes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 4 presentes do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e coa abstención de oito Concelleiros (os 8 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda prestar aprobación ó expediente nº 1/2000 de modificación de créditos dentro do orzamento do organismo autónomo local Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra para o ano 2000, polo que se suplementan créditos por importe total de SESENTA E OITO MILLÓNS CENTO SESENTA E TRES MIL NOVECENTAS NOVENTA E DÚAS PESETAS (68.163.992), correspondendo 40.776.380 pesetas a concesión de créditos extraordinarios e 27.387.612 pesetas a suplementos de créditos, dispoñendo que o acordo de aprobación do expediente sexa sometido a información pública polo prazo de quince días hábiles a efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobada a modificación de créditos de non se presentar reclamacións durante o mencionado prazo.

4.- CORPORACIÓN: TOMA DE COÑECEMENTO DE RENUNCIA Á CONDICIÓN DE CONCELLEIRO, PRESENTADA POR DON JOSÉ BENITO SUÁREZ COSTA E SOLICITUDE DE CREDENCIAL Á XUNTA ELECTORAL CENTRAL A FAVOR DE QUEN LLE DEBA SUBSTITUÍR.

Vista a comunicación do Concelleiro don José Benito Suárez Costa participando a súa decisión de renunciar ó cargo de Concelleiro deste Concello.

Resultando acreditados os seguintes FEITOS:

1º.- Que don José Benito Suárez Costa ostenta a condición de Concelleiro desta Corporación para o que foi elixido nas eleccións municipais, que tiveron lugar o día 13-6-1999, pola candidatura do Partido Popular, tomando posesión do seu cargo na sesión constitutiva da Corporación, que tivo lugar o día 3-7-1999.

2º.- Que a renuncia se formalizou mediante escrito dirixido ó Sr. Alcalde con data 3 de xullo de 2000 .

Considerando de aplicación os seguintes FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

1º.- Que a condición de concelleiro se perde por renuncia

do interesado, a cal debe de facerse efectiva por escrito ante o Pleno da Corporación, de conformidade co establecido no artigo 9-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/86.

2º.- Que no caso de renuncia dun concelleiro o escano se atribuirá ó candidato da mesma lista a quen corresponda segundo a orde de colocación consonte establece o artigo 182 da Lei orgánica do réxime electoral.

3º.- Que o mandato das xuntas electorais de zona conclúen días despois das eleccións (artigo 15-2 da Lei orgánica do réxime electoral), tendo, nembargantes, a Xunta Electoral Central o carácter de órgano permanente da Administración Electoral (artigo 9-1 da devandita Lei).

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda tomar coñecemento da renuncia efectiva ó cargo de concelleiro presentada por don José Benito Suárez Costa, declarando vacante o seu escano e solicitando da Xunta Electoral Central (Congreso dos Deputados) que estenda credencial de concelleiro/a electo/a a favor do/a candidato/a da lista presentada polo Partido Popular ás eleccións locais que tiveron lugar o día 13-6-1999 que lle deba substituír, correspondéndolle, segundo antecedentes existentes na Secretaría do Concello, ó número 11 da mesma candidatura dona Sonia Rey Barros.

Concédesse a palabra a dona María Teresa Casal García, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, a cal lamenta que se vai do Concello o señor Suárez Costa, porque é una persoa cun talante moi agradable e simpático, que facía as cousas ben, pero do mesmo xeito alégrase por el porque cre que vai a unha responsabilidade que supón que lle gustará e que ademais tamén espera que redunde de algun xeito en beneficio desta cidade, pois no novo cargo de Director Xeral de Interior da Consellería de Xustiza poderán tratar con el asuntos importantes desta cidade e quere que conste a súa felicitación e, aínda que lamenta que se vaia, felicítalo porque vai para un cargo que supón que lle gustará máis.

A continuación intervén don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, dicindo que la intención del señor Suárez Costa era haber podido asistir a este Pleno, pero le fue imposible dada la urgencia del mismo y le pidió que en su nombre se despediese de todos los Concejales de esta Corporación, al mismo tiempo que quería dejar constancia de su orgullo por haber servido a la ciudad de Pontevedra durante cinco años como Concejal de este Ayuntamiento y le pidió igualmente que transmitiese a la Corporación que se brinda, desde su nueva responsabilidad, a seguir colaborando en todo lo que esté a su alcalde.

Toma a palabra o señor Alcalde dicindo que fai súas as felicitacións do grupo socialista, que persoalmente como Alcalde xa lle trasmitiu ó señor Suárez Costa, tanto oralmente como en

carta e agarda que na súa nova responsabilidade siga traballando a favor deste concello e sobre todo nun tema tan importante como é o protección civil e bombeiros.

E non sendo outro o obxecto desta sesión ordinaria, polo señor Alcalde remátase a sesión ás doce horas e trinta minutos, de todo o que eu, Secretario, dou fe.

Visto e prace.
O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

Asdo. Miguel Anxo Fernández Lores. Asdo. Adolfo Castro Pérez.